

VIII CARREIRA POPULAR

FESTA DA AUGARDENTE DE PORTOMARÍN

“a carón do río”

O próximo 31 de marzo iremos pola edición VIII da nosa Carreira Popular de Portomarín, ven e goza dun percorrido único, da beleza da nosa vila, da igrexa de San Xoan (igrexa-fortaleza do século XII) , de San Pedro tamén do século XII e dunhas fermosas paisaxes a carón do río Miño. No corazón do Camiño Francés, parada obrigada dos peregrinos a Compostela. E a todo isto engadirlle a Festa da Augardente.

Dende aquí animamos a que vos inscribades o antes posible para que disfrutedes e sexades testigos dunha carreira popular no corazón do Camiño de Santiago e nunha vila en festa. De novo da man do GDR como patrocinador principal da proba e organizada polo Concello de Portomarín, Deputación Provincial a Secretaría Xeral para o Deporte.

Para descubri-lo achégate a correr por Portomarín o 31 de marzo. Queremos verte. Non faltes!

Data: domingo, 31 de marzo de 2024

- **Hora:**
- Categorias escolares: 11:00h
- Categoría absoluta: 12:30h

Lugar: Portomarín, Lugo

Distancia: dende 100 a 7,300 m (distancia aproximada).

Organiza: Concello de Portomarín.

REGULAMENTO DA PROBA:

Poderán participar na proba todos aqueles que o desexen.

-A saída e a meta estará situada nas inmediacións da Praza do Camiño antes Condes Fenosa, a carón da igrexa.

- Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descalificación dos atletas acompañados.

- O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel, en ningún caso se permitirá correr sen dorsal.
- Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola organización excepto para os propietarios do chip amarelo que poden utilizar o seu.
- Todos os participantes polo feito de inscribirse, aceptan a publicación tanto do seu nome coma da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.
- A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.
- A organización disporá dos seguros pertinentes segundo a normativa vixente
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.
- Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.
- O percorrido estará sinalado cada quilómetro.
- A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

ENTREGA DE TROFEOS E MEDALLAS , está prevista a entrega de trofeos e medallas unha vez rematada a última proba no Polideportivo a partir das 13:15h.

-Camiseta conmemorativa para todos os participantes.

CARREIRAS CATEGORÍAS DE MENORES

Disputaranse a partires das 11:00 da mañá nos arredores da Praza do Camiño antes Condes Fenosa.

Establécense as seguintes categorías (masculinas e femininas) coas distancias (aproximadas) correspondentes:

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIA
CHUPETE	nad@s en 2020 e posteriores	100 metros
Categoría A	nad@s entre 2016 e 2019	500 metros
Categoría B	nad@s entre 2015 e 2012	800 metros
Categoría C	nad@s entre 2011 e 2008	1.500 metros

CARREIRA ABSOLUTA

Disputarase a partires das 12:30 da mañá con saída da Praza Condes Fenosa de Portomarín e un percorrido de 7,3 quilómetros (aproximadamente).

Establécense as seguintes categorías (masculinas e femininas):

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO
Categoría D	nad@s entre 1999 e 2007
Categoría E	nad@s entre 1989 e 1998
Categoría F	nad@s entre 1979 e 1988
Categoría G	nad@s entre 1969 e 1978
Categoría H	nad@s entre 1968 e anteriores

INSCRICIÓNS:

- CATEGORÍAS DE MENORES:

Inscrición gratuita on-line na páxina: www.championchipnorte.com.

O prazo de inscrición remata o martes 26 de marzo ás 23:59 horas.

Para poder inscribirse serán obrigatorios os seguintes datos:

- Nome
- Apelidos
- Data de nacemento
- Sexo
- Clube (se pertence a algún)
- Localidade
- Teléfono de contacto
- Enderezo electrónico de contacto

A organización reservarase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

- **CATEGORÍA ABSOLUTA:**

Inscripcións on-line na páxina: www.championchipnorte.com

Inscripción 3€ @s atletas que posean o chip amarelo, dos que 1€ que será **doado a entidade benéfica CRUZ VERMELLA.**

Os atletas que non posean o chip amarelo deben aboar 4€ en concepto de alquiler do chip no momento de inscribirse na web.

Todos os corredores teñen a obriga de devolver o chip o finalizar a súa proba (agás os propietarios do chip amarelo).

O prazo de inscrición remata o 26 de marzo ás 23:59 horas.

A organización reservarase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

PERCORRIDO

A saída e a meta estarán na Avenida de Lugo (ó carón da PRAZA DO CAMIÑO antes Condes de Fenosa) e discurrirá por varias rúas da vila, para logo dirixirnos ó Monte do Cristo, cun percorrido por camiños de terra entre pinos e a carón do río Miño, co mesmo percorrido de anos anteriores. Voltamos a vila e acadaremos a meta despois dun percorrido ó redor de 7,3 quilómetros.

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE

De maneira presencial o día da proba (31 de marzo) nos soportáis do PAVILLÓN POLIDEPORTIVO VILLANUEVA CENDÓN a partir das 10:00 horas.

PREMIOS

-Camiseta conmemorativa para todos os participantes.

- **CATEGORÍAS DE MENORES:** Tódolos participantes recibirán unha medalla conmemorativa e un agasallo. Haberá trofeos para os tres primeiros atletas (mascullinos e femininos) de cada categoría.

- **CATEGORÍA ABSOLUTA:** Tódolos participantes recibirán un agasallo e os 3 primeiros atletas (mascullinos e femininos) da clasificación absoluta levarán:

1º/1ª Clasificad@: cesta de produtos típicos da comarca.

2º/2ª Clasificad@: lote de produtos típicos da comarca.

3º/3ª Clasificad@: lote de produtos típicos da comarca.

Tamén, haberá **trofeos para os 3 primeir@s clasificados de cada categoría e premios especiais para o primeir@ corredor@ local.**

Os tres trofeos absolutos son acumulables co obtido na categoría.

Os trofeos non recollidos o mesmo día da proba durante a entrega de premios estarán a disposición dos premiados na Casa do Concello durante un mes posterior a celebración da mesma, en horario de mañá, previo aviso telefónico ou e-mail.

Considerase como local @ atleta empadroad@ en Portomarín.

PREMIO ESPECIAL o equipo con maior número inscrites na carreira.

Avituallamento no medio do percorrido e o final da proba para tod@s atletas .

Haberá unha zona habilitada pola organización no **Polideportivo para degustación de balde de produtos da zona e entrega de premios.**

E MOITAS SORPRESAS!!!!!!

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

- **Duchas:** unha vez rematada a proba estarán a disposición dos corredores as duchas do pavillón e do albergue municipal.
- **Guardarroupa:** Os atletas que queiran poderán dispor de servizo de guardarroupa no pavillón.
- **Aparcadoiros:** disporase dunha zona de estacionamento ubicada na esplanada do campo de fútbol .
- **Albergue :** disporase de albergue gratuito para os atletas e familiares que desexen vir o sábado (aforo máximo en literas 85 prazas) , debe comunicarse chamando o teléfono do Concello antes do día 26 de marzo.

-Dereitos de imaxen: todos os corredores polo feito de realizar a inscrición aceptan a aparición da súa imaxen en videos e fotografías.

INFORMACIÓN E RESULTADOS

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web oficial da proba www.championchipnorte.com

MAPA E PERFIL DA CARREIRA



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO).

